

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/37	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	06 de outubro de 2025
Duración	Dende as 13:20 ata as 13:55 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 29.09.2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 29 de setembro de 2025.

Expediente 85/2025. DEVOLUCIÓN DE AVAL - "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data 30.09.2025 con Rexistro de Entrada n.º 2025-E-RC-1773 por José Luis Bascuas Gómez, en representación de SERVICIOS AGRO-INDUSTRIALES BASCUAS SL con C.I.F. B36408987 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de servizos denominado "CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025", do cal foi adxudicatario por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 11 de abril de 2025.

Visto o punto 17 do Anexo 1 "Características do Contrato" do Prego de cláusulas administrativas establece que:

"17.- Prazo de garantía.

Non procede."

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que con data 02 de outubro de 2025, polo encargado de obras do Concello de Silleda, Francisco Javier Gómez Rey, emítese informe sobre devolución de garantía, no que conclúe: *"unha vez inspeccionados os traballos realizados, conforme o estipulado no contrato nº 2025-0001, de data 06 de maio de 2025, considérase que os mesmos foron realizados de forma favorable e proponse, de ter a ben, a aprobación da solicitude presentada polo licitador SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L. e se proceda a devolución da garantía definitiva."*

Visto que a actuación foi recibida polo Concello.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a devolución da garantía definitiva, constituída mediante transferencia bancaria, por importe de 3.766,25 €, para o contrato de servizos denominado “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025”.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 909/2025. ADXUDICACIÓN DAS OBRAS MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS (Concello de Silleda)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Resolución de concesión de subvención concedida para a execución da obra denominada MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA ao abeiro da RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025-2026 e se convocan as correspondentes ao ano 2025, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E).

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA por importe de 119.156,92 € euros (IVA INCLUÍDO).

Visto o Informe emitido polo técnico municipal sobre a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística

Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

- *Consellería de Medio Rural*
- *Aguas de Galicia*

Visto o informe sobre estabilidade, seguridade ou estanqueidade do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP, emitido polo técnico municipal no que se manifesta que as obras contidas no proxecto non afectan a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Vista a aprobación do proxecto realizada na sesión da Xunta de Goberno Local de data 02 de xuño de 2025, precedida de informe do arquitecto técnico municipal asinado o 28 de maio de 2025.

Vista a Acta de Reformulo Previo.

Visto o acordo de inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico redactado por la Secretaria municipal.

Visto o Informe de Intervención.

Vista a publicación da licitación e as correspondentes actas da Mesa de negociación que conclúen na proposta de adxudicación a favor da empresa:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU, con N.I.F. B94.181.807, por ser a oferta máis vantaxosa.

Visto o informe fase D.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta da Mesa de contratación e adxudicar á licitadora **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.**, con **N.I.F. B94181807**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de obras denominado **“MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS (Concello de Silleda).”** por importe de 88.629,11 € ao que corresponde por IVE a contía de 18.612,11 € totalizándose a oferta en **107.241,22 €**.

SEGUNDO.- Dispor o gasto por importe de **107.241,22 €** con cargo á aplicación 454-619 proxecto 2025-13 do orzamento municipal vixente.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos Sector Público -LCSP 2017 e a CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, con N.I.F. B 94181807, adxudicataria do contrato, indicarlle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

CUARTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Estado.

Expediente 1016/2025. Contratacións. Reforma e acondicionamento do local social de Saídres. Demolición de edificación e urbanización do espazo exterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de xuño de 2025 acordouse a iniciación dun procedemento aberto simplificado para a contratación da obra denominada: “**Reforma e acondicionamento do local social de Saídres. Demolición de edificación e urbanización do espazo exterior.**”

2. O citado procedemento foi declarado **deserto**, mediante resolución de data 29 de setembro de 2025 ao non terse presentado ningunha oferta dentro do prazo establecido.

3. A vista desta situación, e de acordo coa **Memoria Xustificativa** elaborada polos servizos técnicos municipais considérase necesario acudir a un **procedemento negociado sen publicidade**, conforme ao artigo 168.a).2º da **Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público**, ao terse declarado deserto o procedemento anterior, e non modificarse substancialmente as condicións do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- **Artigo 168.a).2º da Lei 9/2017**, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que permite recorrer ao procedemento negociado sen publicidade cando un procedemento aberto ou restrinxido sexa declarado deserto e non se modifiquen substancialmente as condicións iniciais do contrato.

- **Artigo 169 da mesma Lei**, relativo á tramitación do procedemento negociado sen publicidade.

- Demais normativa aplicable en materia de contratación pública.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa, **ACORDA:**

Primeiro.- Iniciar a tramitación dun **procedemento negociado sen publicidade** para a contratación da obra “**Reforma e acondicionamento do local social de Saídres. Demolición de edificación e urbanización do espazo exterior.**”, por un importe de 57.052,53€ mais 11.981,03€ de iva (total 69.033,56 €) conforme aos pregos técnicos e administrativos elaborados para o anterior procedemento, que se manterán sen modificacións substanciais.

Segundo.- Convidar a un mínimo de **tres empresas capacitadas** para a execución do contrato, que reúnan os requisitos de solvencia e habilitación profesional esixidos, e que non se atopen incursas en causa de prohibición para contratar co sector público.

Terceiro.- De acordo co previsto no artigo 169.3 da LCSP, establécese que os **criterios que serán obxecto de negociación** neste procedemento serán os seguintes:

- **O prezo ofertado.**

- **As melloras técnicas incluídas nos pregos**, sempre que sexan avaliábeis de forma obxectiva e non alteren as condicións esenciais do contrato.

Cuarto.- O presente acordo publicarase no perfil do contratante, unha vez formalizado o contrato, en cumprimento dos principios de transparencia e publicidade establecidos pola normativa vixente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE